



CONCELLO DE NARÓN

Reunidos na Casa do Concello, o día 17 de xaneiro de 2017, ás 11,30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Obras de adaptación en vías de evacuación nos Pavillóns Campo da serra, as Lagoas e Piñeiros" formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dña. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Aberta a sesión pola presidencia, procedese a lectura e exame do informe técnico emitido en relación coa xustificación das baixas desproporcionadas presentadas polas empresas Covisán S.L. e David Barros Insúa S.L.

Neste informe asinado por D. José Manuel Saavedra Pantín, considérase xustificada a proposta presentada por Covisan S.L. e descarta a presentada por David Barros Insúa S.L. por:

O compromiso de subministro dalgúns materiais (formigóns dende 80€ km, aceiro sen prezo, algún equipo eléctrico cos seus prezos e unhas portas non especificadas.

Relación de aluguer dalgunha maquinaria e relación de maquinaria propia

Ao descompoñer os prezos detéctanse faltas ou valores ilóxicos.

No que respecta ao volume de obra só menciona cinco obras en execución ou pendentas de inicio.

Na relación custes fixos/volume obra, achega un ITA, con unha relación dos catro traballadores, un custo hora de 11,50 €, e uns gastos xerais de 136,81 euros de repercusión nesta obra.

Dada a base da empresa en Bergondo, e a distancia dos subministradores, a non concreción dalgún prezo e uns gastos xerais pouco axustado, considérase insuficiente a xustificación da oferta económica.



CONCELLO DE NARÓN

A Mesa de Contratación, ratifica estes informes e acepta a oferta presentada pola mercantil Covisan S.L. re rexeita a presentada por David Barros Insúa S.L..

Así as ofertas que continúan en la licitación, obteñen, con referencia aos criterios de adxudicación, a seguinte a puntuación:

Entidade	Criterios non obxectivos	Criterios obxectivos	Total
Covisan S.L.	19,30	50	69,30
Gonnaba S.L.	22,20	39,02	61,22

A vista destas puntuación, a Mesa de Contratación propón a adxudicación deste contrato, á empresa coa mellor oferta, segundo a puntuación dos criterios de adxudicación contemplados no prego de condicións, Covisan S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

Asdo. José M. Blanco Suárez

Asdo. Alfonso de Prado Fernández Canteli

Asdo. María del Pilar Canzobre Mendez

Asdo. Ignacio Mazaira Garro